

# Información sobre carnés e habilitacións extinguidos

# Índice

---

1. Introducción .....	3
2. Especialidades extinguidas .....	3

## 1. **Introdución**

---

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ten prevista a publicación no Diario Oficial de Galicia da convocatoria dos exames para a obtención de carnés profesionais e habilitacións profesionais. Para determinadas especialidades desaparece a proba como vía para a obtención da habilitación para o exercicio profesional.

## 2. **Especialidades extinguidas**

---

- Instalador/ora de fontanaría.
- Profesional frigorista habilitado/a
- Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría básica.
- Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría especialista.
- Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT1.
- Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT2.

## Máis información por especialidades

Especialidade	Requisitos para o exercicio da actividade	Normativa que o regula
<b>Instalador/ora de fontanaría</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non existe normativa estatal que regule esta especialidade. A normativa autonómica que existía quedou derogada mediante Decreto 51/2011.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación (CTE) e o seus documentos básicos.</li> <li>▪ Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (derroga a Orde do 13 de abril de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 42/2008, do 28 de febreiro, de creación do Rexistro de Instalacións Interiores de Subministración de Auga de Galicia e a autorización das empresas instaladoras).</li> </ul>
<b>Profesional frigorista habilitado/a</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.</li> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.</li> <li>▪ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias obxecto do regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.</li> <li>▪ Real decreto 138/2011, do 4 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias.</li> </ul> <p><b>Nota.</b> Na nova normativa (RD 138/2011) desaparecen as figuras do «instalador frigorista autorizado» e a do «conservador-reparador frigorista» que son substituídas pola figura do “profesional frigorista habilitado”.</p>
<b>Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categorías básica e especializada</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulamento electrotécnico para baixa tensión, e as súas instrucións técnicas complementarias.</li> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do regulamento electrotécnico para baixa tensión, e as súas instrucións técnicas complementarias.</li> <li>▪ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias obxecto do regulamento electrotécnico para baixa tensión, e as súas instrucións técnicas complementarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o regulamento electrotécnico para baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.</li> <li>▪ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.</li> </ul>
<b>Instalador/ora de liñas de alta tensión, categorías LAT1 e LAT2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, e das súas instrucións técnicas complementarias.</li> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, e das súas instrucións técnicas complementarias.</li> <li>▪ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias obxecto do regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, e das súas instrucións técnicas complementarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.</li> <li>▪ Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.</li> </ul>